

FICHA TÉCNICA

**ESCOLAS DE AVOAS E AVÓS EDUCADORES**

CURSO	ESCOLAS DE AVOAS E AVÓS EDUCADORES
<p><b>OBXECTIVOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer información xeral a avós e avoas sobre temas referidos ao desenvolvemento educativo, social e persoal de netos e netas.</li> <li>• Previr situacións de desgaste que poidan aparecer nas persoas maiores, ás cales se dirixe o proxecto.</li> <li>• Favorecer a integración e unión familiar.</li> </ul>
<p><b>DESTINATARIOS/AS</b></p>	<p>A poboación destinataria do curso son avós, avoas e persoas maiores que teñan asumido o coidado e educación de menores de forma continuada.</p>
<p><b>METODOLOXÍA</b></p>	<p>O desenvolvemento das escolas está baseado nunha metodoloxía dinámica, inductiva, continuada e participativa, adaptando os contidos e actividades aos perfís sociais e culturais dos participantes. Nelas desenvólvense habilidades específicas que os capacita para o manexo de situacións cotiás na educación dos/as menores de idade, sobre todo cando estes chegan á adolescencia, orientándoos e apoiándoos no proceso educativo en todos os aspectos que conleva a crianza na sociedade actual, aproveitando tamén a súa experiencia como pais e nais.</p>

	<p>En cada sesión levarase a cabo diferentes dinámicas e técnicas grupais que favorecen a participación e o diálogo, co fin de reflexionar todos/as xuntos/as sobre as mellores pautas educativas para brindar aos netos e metas unha educación saudable e integral.</p> <p>Asemade, as escolas obradoiro complementéntanse con sesións individuais na que se traballarán de forma personalizada cos avós e avoas que o soliciten</p>
<p><b>CONTIDOS</b></p>	<p>Os contidos do curso, están divididos en 4 grandes bloques, coas súas respectivas temáticas:</p> <p>1. <u>“CADA BARCO TEN O SEU TIMÓN”</u>: A importancia das normas e límites na educación</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Consenso e establecementos de normas, acordos e mantemento de forma clara e precisa.</li> <li>- Roles, horarios e tarefas</li> <li>- Control e modificación de conducta: castigos e premios</li> </ul> <p>2. <u>“CARTAS DE NAVEGACIÓN”</u>: Habilidades sociais</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación cos fillos/as e netos/as</li> <li>- Disciplina positiva</li> <li>- Autoestima dos pequenos e dos maiores</li> <li>- Avós e avoas como transmisores de valores e modelos de conduta</li> </ul> <p>3. <u>“CAPEANDO O TEMPORAL”</u>: Resolución de conflitos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas de resolución de conflitos</li> <li>- Acoso escolar</li> <li>- Apoio nas tarefas educativas</li> </ul>



ASOCIACIÓN VIEIRO

	<p>4. <u>"MAR DE REDES"</u>: Novas tecnoloxías, redes sociais e ocio</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Que fan os nosos netos e netas no seu tempo libre: Internet, videoxogos, redes sociais...</li><li>- A que riscos están expostos en Internet?</li><li>- Utilización de dispositivos electrónicos, riscos dun uso abusivo, horarios, normas e límites.</li><li>- Ocio alternativo</li><li>- Xogos e actividades para divertirnos e disfrutar cos netos e netas</li></ul>
<b>LUGAR DE CELEBRACIÓN</b>	Centros Sociais,
<b>DURACIÓN</b>	O curso está composto por 4 sesións de hora e media de duración.